

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de setembro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D. Antonio Coello Bufill

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día seis de setembro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Está presente, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.(1156)- DAR CONTA DA SINATURA DA SEGUNDA ADENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE TRATAMENTO DE DROGODEPENDENCIAS. EXPTE. 10988/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social do 30.08.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Quedar enterada da 2^a addenda da prorroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo, firmada o día 30/07/04, para o desenvolvemento dos programas e servizos de tratamento de drogodependencias para o ano 2004 por un importe de 230.894,06 € por parte do Plan autonómico.

2.(1157)- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES A FONDO PERDIDO AO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO PARA INFRAVIVENDA RURAL. EXPTE. 10984/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 13.08.04, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Solicitar ó Instituto Galego da Vivenda e Solo, ó amparo do Decreto 233/2003, de 3 de abril, polo que se regulan as axudas ós Concellos para infravivenda rural, ás subvencións a fondo perdido que poidan corresponder, segundo orzamento presentado e a nome para dos beneficiarios que se detallan, aceptando os termos da disposición e de conformidade coa memoria, orzamento e prazo presentados para cada unha das actuacións.

<u>PROPIETARIO</u>	<u>DOMICILIO</u>	<u>ORZTO.ACTUACIÓN</u>
Rosa Herminda Alonso Carrera	Cidáns, 45-Zamans	20.284,97
Carmen Alonso Salgueiro	Estrada Foxo,76-Valadares	18.683,79
Delfina Rosa Caetano Santos	Cmño. Pasais,20-Macal-Castrelos	9.302,57

3.(1158)- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES AOS CLUBES DEPORTIVOS FEDERADOS DE VIGO TEMPORADA 2003-2004. EXPTE. 4287/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Director Deportivo do IMD, do 14.08.04, conformado pola concelleira-delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Outorgar as seguintes subvencións ós club relacionados no anexo III por un importe total de 451.000 Euros. con cargo a partida 4521 4890000.

2.- Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades polas seguintes causas:

a.- Por presentar a solicitude fora de prazo.

ASOCIACIÓN LA ESCALERITA DE PENTANCA CIF: G-36813244

CLUB SAN MIGUEL C.F. CIF: G-36743433

b.- Por non presentar a documentación requirida:

ATLECTICS AVENTURA EXTREM CIF: G-36887735

CLUB ENSINANTES DE ACTIVIADES DEPORTIVAS CIF: G-36930493

Non presenta o certificado da federación correspondente, certificado do Concello e certificados da titularidade da conta bancaria.

ASOCIACIÓN VIGUESA DE TAEKWONDO CIF: G-36919637

Non presenta o certificado da federación correspondente.

ASOCIACIÓN XUVENIL CELTICS	CIF: G-36836476
Non presenta o certificado da federación correspondente.	
ASOCIACIÓN DEPORTIVA LAVADORES	CIF:G-36704666
Non presenta o certificado da federación correspondente.	
PEÑA RECREATIVAS EL OLIVO	CIF: G-36648103
Non ten dous equipos de fútbol sala en categorías inferiores	
DELEGACIÓN DE ATLETISMO	CIF: G-15103500
Por non presentar certificado da federación correspondente	
AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA	CIF:G-36655033
Por non presentar certificado da federación correspondente	
ASOC VEC. DEP. DE LAVADORES	CIF: G-36633618
CENTRO CULTURAL RECREATIVO DE CABRAL	CIF: G-36658680

4.(1159)- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L. POR IMPORTE DE 90.000 € EXPTE. 4715/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 2.09.04, o informe xurídico do 1.09.04 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.08.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declarar nulo de pleno dereito as prestacións dos servicios efectuados pola empresa Servicios Hípicos Hipigal SL por importe de 90.000 Euros. en concepto de indemnización substitutoria, segundo se acredita nas facturas que figura no expediente.

2º.- Recoñece-la obriga por recoñecemento extraxudicial de crédito, a favor de Servicios Hípicos Hipigal S.L, por importe de 90.000 Euros, en concepto de indemnización substitutoria segundo se acredita coas facturas e certificado de que a Copa do Mundo foi realizada. Este gasto se imputará á partida 4521 470 00 02 Convenio Hipigal.

5.(1160)- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DEPORTIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB CELTA PARA A ORGANIZACIÓN DO TROFEO CIDADE DE VIGO DE FÚTBOL. EXPTE. 4716/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Técnico de Administración Xeral, do 1.09.04 e de acordo co informe-proposta do director deportivo, do 1.09.04, e o documento contable da Intervención Xeral de data 2.09.04, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o texto do Convenio para a celebración do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol-Edición de 2004, entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo SAD, que se xunta no presente expediente e que de seguido se transcribe.

2.- Aprobar o gasto de 100.000 Euros, con cargo á partida orzamentaria 4521.470.00.00, a favor da entidade Real Club Celta de Vigo SAD con CIF A 36609105, e con número de conta bancaria 2080 0000 72 0040049046.

3.- Disponer o gasto a favor da dita entidade en cumprimento do convenio de colaboración se efecturá en pagamento previa emisión da certificación por parte do técnico de Deportes, pola cantidade de 100.000 € con cargo á partida citada no punto 2.

CONVENIO EXCMO. CONCELLO DE VIGO-REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, PARA A
CELEBRACIÓN DO TROFEO CIDADE DE VIGO DE FÚTBOL 2004.

En Vigo, a 31 de agosto de 2004.

REUNIDOS

Dunha parte: D^a. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra parte: D. Horacio Gómez Araújo, Presidente do Real Club Celta de Vigo, SAD.

MANIFESTAN QUE

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol, que cun grande éxito e tradición vense celebrando, o Excmo. Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, SAD, conveñen a realización do devandito evento o vindeiro día 8 de setembro de 2004, nos seguintes termos

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

- 1.1.- Autorizar a organización do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol ao Real Club Celta de Vigo, SAD, para a celebración do mesmo o vindeiro día 8 de setembro de 2004.
- 1.2.- A cesión das instalacións municipais necesarias para a celebración do dito evento na data indicada.
- 1.3.- Aboar ao Real Club Celta de Vigo, SAD, a cantidade de 100.000 €, con cargo á partida 4521.470.00.00 do orzamento da Concellería de Deportes. Este pagamento realizarase á entidade Real Club Celta de Vigo, SAD nun ingreso único na conta bancaria estipulada ao efecto.

SEGUNDA.- O Real Club Celta de Vigo, SAD asume as seguintes obrigas:

- 2.1.- Organizar o Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol 2004, o vindeiro día 8 de setembro, asumindo a responsabilidade da boa marcha do mesmo.
- 2.2.- En toda a publicidade do evento figurará o logo do Concello de Vigo-Concellería de Deportes.
- 2.3.- O Real Club Celta de Vigo, SAD, porá a disposición da Concellería de Deportes as invitacións que sexan precisas para a promoción o evento na Cidade.
- 2.4.- Todos os medios de promoción e difusión, deberán de empregar o Galego coma idioma oficial do evento.

2.5.- As responsabilidades derivadas da organización do evento, deberán estar cubertas cunha póliza de responsabilidade civil.

TERCEIRA: O seguimento da execución deste Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose o Real Club Celta de Vigo, SAD a facilitar o dito labor, debendo o técnico encargado, de emitir Certificación da realización do evento, previa ao pagamento da cantidade sinalada na disposición 1.3.

CUARTA: A vixencia do presente convenio é para a realización da edición do ano 2004 do Trofeo Cidade de Vigo, a celebrar o vindeiro día 8 de setembro.

QUINTA: A concelleira-delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

6.(1161)- NORMAS E OFERTA DE PRAZAS PARA A MATRÍCULA NAS ENSINANZAS NA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA DURANTE O CURSO 2004-2005. EXPTE. 1170/335.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 30.08.04 e conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Que se aproben as normas e a oferta de prazas para a matrícula nas ensinanzas na Escola Municipal de Danza no curso 2004-05, que se achegan no expediente e que de seguido se transcriben.

2º.- Que se faculte ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para resolver as solicitudes de inscrición e as posibles modificacións que se precisen nas seccións da Escola Municipal de Danza.

NORMAS PARA A MATRÍCULA DO CURSO 2004-2005

1. REQUISITOS PARA MATRICULARSE NA EMD

a) As persoas beneficiarias das ensinanzas de danza tradicional galega impartidas pola EMD estarán empadroadas no Concello de Vigo. Quen non estivo matriculado no curso anterior, deberá acreditarlo mediante *VOLANTE DE EMPADROAMENTO*, que solicitará no servizo de Estatística do Concello de Vigo e que entregará antes de finalizar o prazo de solicitude de inscrición. No caso do alumnado matriculado no curso anterior non será necesario.

b) O alumnado poderá asistir ás clases da EMD nas *DEPENDENCIAS CENTRAIS* (na Casa do Concello-praza do Rei) ou nas *SECCIÓNS*. Quen solicite praza nas seccións asistirá ás clases no centro que se lle indique en función da proximidade do seu domicilio ou da dispoñibilidade de prazas para o nivel que lle corresponde pola súa idade.

c) Para asistir ás clases aboarase con anterioridade o importe de matrícula correspondente.

2. PRESENTACION DE SOLICITUDES PARA INSCRIPCIÓN NA EMD

Todas as solicitudes de ensinanzas na Escola Municipal de Danza presentaranse, en impreso normalizado, nas dependencias da escola situada no soto primeiro do Concello, de luns a venres, de 9 a 13 horas, e os xoves de 17 a 19 horas.

O prazo de solicitude irá dende o día 8 de setembro ao 1 de outubro.

3. CRITERIOS DE ADMISIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA

Os criterios para a admisión do alumnado da EMD serán o cumprimento das presentes normas e a dispoñibilidade de prazas no grupo correspondente.

As prazas da EMD son limitadas.

4. PAGAMENTO DE MATRÍCULA

O alumnado admitido formalizará o pagamento da matrícula entre os días 4 e 11 de outubro, ambos inclusive. Quen non formalice a matrícula ou non teña aboado o seu importe dentro do prazo establecido poderá perder a súa praza unha vez iniciado o curso.

5. PREZO DA MATRÍCULA

DANZA DE 4 A 8 ANOS:	18.-€ curso completo (1,30 h semanal)
RESTANTES CURSOS DE DANZA:	24.-€ curso completo (2 h semanais)
PERCUSIÓN:	12.-€ curso completo (1 h semanal)

6. CALENDARIO DO CURSO NA EMD

O curso iniciarase o día 13 de outubro de 2004 e rematará o 24 de xuño de 2005; dentro deste período o calendario axustarase ás xornadas festivas e de vacacións establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para centros educativos non universitarios.

O primeiro día de clase, o alumnado presentará unha fotografía de tamaño "carné".

7. GRUPOS E HORARIOS.

Na Escola Central o horario de ensinanzas será entre as 17,00 h e as 22,00 h de luns a venres.

Nas seccións os horarios definitivos fixaranse en canto se dispoña da matrícula mínima.

A oferta total da Escola Municipal de Danza é de 34 grupos para varios niveis de formación (inicialmente, 20 para a Escola Central e 14 para as seccións).

A dirección da escola, en función da demanda, proporá a adscrición do alumnado aos grupos ata que estes se completen. Procurarase a homoxeneidade dos niveis, polo que pode, antes do comezo do curso, modificarse o

número de grupos dos distintos ámbitos formativos ou niveis e tamén dos horarios para atender adecuadamente a demanda.

7.(1162)- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN ECONÓMICA PARA AS FESTAS DE BOUZAS 2004. EXPTE. 1185/335.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 30.08.04 do técnico responsable do Servizo de Festas, visto o documento contable da Intervención Xeral de data 31 do mesmo mes, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Que se conceda unha subvención por un importe total de 4.500.-€ a favor da Cofradía do Stmo. Cristo dos Aflixidos de Bouzas, CIF G-36690170, pola celebración *das Festas de Bouzas 2004*, con cargo á partida 451.2.489.00.00 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado.

2º.- Que o pagamento da subvención se efectúe mediante transferencia bancaria e se tramite unha vez presentada, a través do Rexistro Xeral, a seguinte documentación xustificativa:

- a) Solicitud de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación da actividade ou programa subvencionado, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
 - Datos sobre os participantes. número, perfil, etc.
 - Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
 - Memoria de prensa.
 - Relación detallada de ingresos e gastos.
 - Balance económico das actividades:
 - *Gastos: Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas ata un importe equivalente ó dobre da subvención concedida. Neste sentido, non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo art. 3 do R.d. 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais.
 - *Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por todo os tipos de conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención; contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; ingresos diversos, contías e procedencia.

8.(1163)- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN EN USO DO LOCAL LETRA C DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS DO CENTRO DE SERVIZOS COMUNITARIOS DO BARRIO HISTÓRICO. EXPTE. 2103/320.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, conformado pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Conceder á Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, CIF G-36928646, a cesión en uso do local Letra C no Viveiro de Asociación do Casco Vello por acadar esta entidade a maior puntuación conforme ós criterios establecidos nas Bases do concurso aprobadas polo Pleno do Concello de data 27.05.02:

DESPACHO	SUPERFICIE ÚTIL/m ²	COTA DE COPARTICIPACIÓN ANUAL
Despacho C	23,58	1.502 euros
Bens mobles:		
<ul style="list-style-type: none">• 1 ud. Mesa serie soft, 140 x 80 cm, cun ala auxiliar de 100 x 60 cm, cunha caixoneira de apoio de 4 caixóns en melamina de faia.• 1 ud. Cadeira xiratoria con rodas modelo Intacor IV 20 sen brazos, regulable por gas e respaldo regulable en altura.• 4 ud. Cadeiras modelo Ponte, coa carcasa de 11 m/m en madeira de faia barnizada.• 1 ud. Mesa redonda modelo Ponte, de 100 cm, con encimera na parte de arriba e de faia.• 2 ud. Armarios serie Soft de 90 x 72 cm, con portas e estante tamén en melamina de faia.• 6 ud. Cadeiras, 4 ud. para a mesa redonda e 2 ud. para a mesa de oficina.		

2.- Non outorgar a cesión en uso do local Letra C ás entidades que deseguido se relacionan por non acadar a suficiente valoración conforme ás Bases do concurso:

- Asociación Viudas Meu Lar, CIF G-36621456
- Asociación Integración Galego-brasileira, CIF G-36920288
- Implicadas/os no desenvolvemento, CIF G-36838464.”

9.(1164)- RECLAMACIÓN DE RECALVI S.L. POR DANOS SUFRIDOS NA SÚA MOTOCICLETA COMO CONSECUENCIA DUNHA MANCHA DE ACEITE. ESTIMADA. EXPTE. 15585/240.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio de data 12.08.04, conformado polo xéfe de Réxime Interior e máis pola Interventora xeral con data 17 do mesmo mes, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación da entidade RECALVI, S.L., polos danos sufridos na motocicleta C-6820-BNB, da súa propiedade, indemnizándolle na cantidade de 148,66 euros.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia ós efectos do previsto no artigo 33-1-i do devandito Regulamento.

10(1165)- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do Servizo de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as subministracións e obras foron recibidas executáronse conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- a) A Dielector Galicia S.A.:
 - A fianza por importe de 431,08 euros constituída para responder da subministración de material eléctrico xa que foron recibidas mediante acta de 6.08.01. Expte. 277/241
 - A fianza por importe de 2788,68 euros constituída para responder da subministración de material eléctrico xa que foron recibidas mediante acta de 20-05-02. Expte 275/241
 - A fianza por importe de 961,62 euros constituída para responder da subministración de material eléctrico xa que foron recibidas mediante acta de 28-1-2003. Expte: 274/241
 - A fianza por importe de 1658,73 euros constituída para responder da subministración de material eléctrico xa que foron recibidas mediante acta de 4-02-01. Expte 273/241.
 - A fianza por importe 2.055,14 euros constituída para responder da subministración de material eléctrico xa que foron recibidas mediante acta do 15-03-02. Expte. 276/241.
- b) A fianza por importe de 2.761,18 euros a favor de Santiago Vidal Gimeno constituída para responder da subministración de material eléctrico xa que foron recibidas mediante acta de 24-3-00. Expte 279/241
- c) A fianza por importe de 5.545,47 euros a favor de Extraco S.A. constituída para responder das obras de remodelación dos pavillóns polideportivos da grada de río de Balaidos. Expte. 270/241
- d) A fianza por importe de 400,76 euros a favor de Asociación de Mulleres Progresistas constituída para responder do desenvolvemento do programa de alfabetización de adultos. Expte. 272/241

11.(1166)- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO DAS OBRAS DE “REPARACIÓN XERAL DE BEIRARRÚAS NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 40777/250.

Antecedentes

Con data 7.06.04 a Xunta de Goberno aprobou o expediente de contratación das obras para reparación xeral de beirarrúas do Concello de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica con data 13.07.04 que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo publicado no DOG nº 121 e no BOP nº 123 de data 24 e 29 de xuño respectivamente do presente ano, presentáronse as seguintes propostas: 1) Sercoysa, 2) Construccións, Obras e Viais S.A. (COVSA), 3) Oreco, 4) Obras y Construcciones Dios S.A., 5) AN Ingeniería y Servicios S.A., 6) Depuracións, Mantenimento e Instalacións S.L. (DEMAIN), 7) Movex Vial S.L., 8) Obras y Edificacións Seixo S.L. e 9) Eduardo Boan Alvarez.

A Mesa de Contratación en sesión de 19.07.04 procedeu á apertura da documentación presentada admitindo todas as propostas.

Con data 18.08.04 o enxeñeiro xefe de Vías e Obras emite valoración das ofertas presentadas, conformada polo enxeñeiro municipal, Sr. Crespo Casal.

A Mesa de Contratación en sesión de 23.08.04, de conformidade coa antedita valoración emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

Adxudicar a empresa SERCOYSA as obras de “Reparación Xeral de Aceras no Concello de Vigo, nos termos establecidos nos Pregos de Condicións que serviron de base para este concurso, e en particular:

- a) Prezo global do contrato 300.000,00 euros, imputados do seguinte xeito:

180.000 euros na partida 511.0.210.00.00 no presuposto do ano 2004.

120.000 euros, na partida 511.0.210.00.00 do presuposto do ano 2005.

- b) Deberán poñer a disposición para os traballos sistemáticos, un número de nove brigadas composto por catro oficiais e dou peóns e, para os traballos urxentes, unha brigada adicional cas mesmas características, comprometéndose a incorporación doutra brigada, no caso de que por motivos urxentes resultase necesario, nun prazo non superior as 24 horas.
- c) O prazo de garantía dos traballos será de 36 meses.
- d) A empresa deberá constituir unha garantía definitiva por importe do 20% do prezo total do contrato.

12.(1167)- DAR CONTA DA ANULACIÓN DA PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO DICTADA SOBRE LIQUIDACIÓNS EN RELACIÓN COAS TAXAS

DE ENGANCHE ÁS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DE AUGA. EXPTE. 2126/700.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, do 12.08.04, que di o seguinte:

Téndose recibido neste Departamento de Tesourería, Recadación Executiva escritos presentados en data 20/02/2004, nº doc: 40017677 e 17/03/2004, nº doc: 40027593 e 06/07/2004, nº doc: 40070727, pola Concesionaria do Servicio Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo (AQUALIA) dos que se achega copia, nos que se solicitaba a anulación dos recibos relacionados pola concesionaria, unha vez acordada a estimación das reclamacións interpostas contra as liquidacións xiradas no seu día, segundo o establecido no Anexo G-60 da Ordenanza Fiscal do Concello de Vigo sobre a TAXA DE ENGANCHE AS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DE AUGA, liquidacións das que foi acordado o seu cobro pola vía de constrinximento en resolución da sesión ordinaria da Comisión de Goberno de 21 de xaneiro de 2002; e dictada no seu día, a providencia de constrinximento.

Baseada nas resolucións presentadas e no uso das atribucións que me confire a lexislación local vixente (lei 7/1985 do 2 de abril) Reguladora das bases de réxime local e artigo 5.3. c.) do Real Decreto 1174/1987 do 18 de setembro (BOE 29/09/1987), acordei en data 11/08/2004 a ANULACIÓN DA PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO dictada no seu día sobre as liquidacións que se sinalan a continuación en virtude dos citados escritos presentados pola Concesionaria do Servicio Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo (AQUALIA), así como a notificación deste acto de declaración de nulidade ós interesados,

Dáse conta destas actuacións á Xunta Local de Goberno.

DETALLE DAS LIQUIDACIÓNS:

NOME	CONCEPTO	Nº RECIBO	PRINCIPAL
GONZALEZ VIZOSO PEREGRINA	ACOMETIDA SANEAMENTO	028900160	1220,05
FERNADEZ BREIJO ROSA MARIA	ACOMETIDA SANEAMENTO	028900467	1220,05
RODRIGUEZ ALONSO FERNANDO	ACOMETIDA SANEAMENTO	028900348	1220,05

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

13.(1168)- ASISTENCIA DE TURISMO DE VIGO CON STAND INSTITUCIONAL ÁS FEIRAS: CONXEMAR, EXPOGALAECIA, SALÓN DAS DENOMINACIÓNS DE ORIXE, WORLD TRAVEL MARKET E SALÓN NÁUTICO DE PARÍS. EXPTE. 1490/104.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 26.08.04 da coordinadora de Turismo e Comercio, conformado pola concelleira delegada e vista a conformidade da interventora xeral de data 30.08.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-la asistencia da Concellería de Turismo a Conxemar 2004 (VI Feira Internacional de produtos do mar conxelados), que se celebrará do 5 ó 7 de outubro en Cotogrande, a

ExpoGalaecia (VII Salón de Turismo, Gastronomía e Artesanía), que terá lugar no IFEVI do 29 de outubro ó 1 de novembro de 2004, ó Salón das Denominacións de Orixe e Delicatessen, do 8 ó 10 de novembro no Recinto Feiral, a WTM de Londres (World Travel Market 2004), que se celebrará na cidade de Londres do 8 ó 11 de novembro e ó Salón Náutico Internacional de Paris, que terá lugar na cidade francesa do 3 ó 13 de decembro.

2.º- Autorizar a seguinte relación de gastos con cargo ó orzamento prorrogado para o ano 2004, que se derivan da participación de Vigo nos eventos anteditos:

- Total reunións e conferencias, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunions e conferencias) do orzamento prorrogado para o ano 2004 RC-28378 43.375 euros
- Atencións protocolarias e representativas, con cargo á partida 7510.02260100 do orzamento prorrogado para o ano 2004, RC-28369 3.000 euros
- Gastos de locomoción de asistencia a feiras, con cargo á partida 7510 2310000 do orzamento prorrogado para o ano 2004 4.400 euros
- Dietas, con cargo á partida 7510 2300000 do orzamento prorrogado para o ano 2004 2.700 euros
- Dietas do persoal, con cargo á partida 7510 2300100 do orzamento para o ano 2004 2.550 euros
- Gastos de transporte do material promocional ata París, con cargo a partida 7510 2230000 (transporte a feiras) do orzamento prorrogado para o ano 2004 1.500 euros

3.º- Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

4.º- Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de D^a. Yolanda Aguiar Castro, con DNI nº 36076445-W a cantidade de 57.525 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada do Departamento de Turismo nº 2080 0000780040246105.

14.(1169)- PROPOSTA DE D. JOSÉ ALONSO BACELO DE CESIÓN DE TERREOS A CAMBIO DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN RÚA GÁNDARA. DESESTIMADA. EXPTE. 39130/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 26.03.04, emitido polo xefe do negociado de Vías e Obras coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno acorda:

Desestimar a petición formulada por D. José e D. Nemesio Alonso Bacelo, non aceptando a cesión condicionada proposta polos mesmos.

15.(1170)- DEVOLUCIÓN DE AVAL A MARBER S.L. POR OBRAS NA RÚA ESTORNINO. EXPTE. 41042/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 31.08.04 emitido polo xefe do negociado de Vías e Obras e conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno acorda:

Proceder á devolución da fianza de 12.000 euros a Marber, S.L.

16.(1171)- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26.07.04, DE APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE MELLORA DE ABASTECIMIENTO DA ZONA ALTA DE VALLADARES DENDE O MONTE CEPUDO. EXPTE. 41814/250.

O xefe do negociado de Vías e Obras, coa conformidade do concelleiro delegado, con data 3108.04 informa do que segue:

“En data 22 de xullo do 2004, redactouse informe-proposta, relativoo asunto reseñado que foi sometido á correspondente aprobación da Xunta de Goberno Local, en data 26 de xullo do 2004.

Detectados sendos erros no mesmo, procédese a súa corrección:

1º.- *No parágrafo. 6º) donde di: “O presuposto base de licitación ascende á cantidade de 92.666,58 euros, IVE excluído“, debe dicir: “O presuposto base de licitación ascende á cantidade de 92.666,58 euros, IVE incluído“.*

2º.- *No parágrafo 11º) donde di: “Aprobar técnicamente, cun presuposto base de licitación de 169.563,97 euros“, debe dicir: “ Aprobar técnicamente, cun presuposto base de licitación de 92.666,58 euros”.*

Polo que se propón:

Modificar lo acordo reseñado, recollendo a subsanación dos erros advertidos no presente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno aproba o informe-proposta transcrito anteriormente.

17.(1172)- SOMETIMENTO A INFORMACIÓN PÚBLICA DO ESTUDIO DE VIABILIDADE RELATIVO AO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO PAZO-AUDITORIO DE CONGRESOS MUNICIPAL DE VIGO E EDIFICACIÓNS COMPLEMENTARIAS. DOC. 40089255.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do técnico de Admón. Xeral, do 2.09.04, que di o seguinte:

O Concello Pleno na súa sesión de data 26 de xullo acordou a aprobación dun convenio interadministrativo de colaboración e cooperación técnica e económica entre o Concello de Vigo, a Xunta de Galiza e a Autoridade Portuaria de Vigo que ten por obxecto a demolición das edificacións existentes e a construción e explotación na cidade dun Auditorio-Pazo de Congresos e instalacións complementarias en terreos de dominio público portuario sobre os que a Autoridade Portuaria ten solicitada a necesaria desafectación para a súa posterior cesión ó Concello (Avda. Beiramar, núms. 57-59).

Na cláusula terceira do convenio a Xunta de Galiza, a través da CPTOPV, asumíu o compromiso de redactar o Estudo de Viabilidade das construcións previstas, documentación que tivo entrada no Concello no día de hoxe.

Sen prexuízo dunha análise posterior máis detida, o documento remitido contén os datos que se mencionan no apartado 2 do art. 227 do RD Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

De conformidade co apartado 3 do precepto citado, a administración concedente, é dicir, o Concello de Vigo debe someter o Estudo de Viabilidade a información pública polo prazo DUN MES ó obxecto de que os interesados formulen cantas observacións consideren oportunas. No mesmo prazo, e ó obxecto de ilustrar a vontade do órgano municipal que debe outorgar a aprobación ó Estudo –Xunta de Goberno Local- os servizos técnicos, económicos e xurídicos municipais deberán emitir os correspondentes informes nos que se evalúe a idoneidade do documento; así mesmo non téndose acordado a data de hoxe a desafectación dos terreos de dominio público portuario nin a posterior cesión dos mesmos ó patrimonio municipal, resulta conveniente remitir copia do documento ó órgano ou unidade administrativa do Ministerio de Fomento que se encontre tramitando a desafectación ó obxecto de xustificar o interese público da actuación e posterior cesión dos terreos.

En virtude do exposto proponse á Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

Primeiro.- Someter a información pública polo prazo DUN MES mediante anuncios a insertar no DOG e no BOP o Estudo de Viabilidade do Auditorio-Pazo Municipal de Vigo ó obxecto de que os interesados formulen nese prazo as observacións que consideren oportunas.

Segundo.- Remitir copia do documento ós Servizos xurídicos, técnicos (Xerencia de Urbanismo) e económicos municipais ó obxecto de que emitan os correspondentes informes.

Terceiro.-Remitir copia do documento á Autoridade Portuaria de Vigo ó obxecto de que no prazo dun mes emita informe sobre aqueles aspectos que poidan afectar ós seus intereses.

Cuarto.-Remitir copia do documento ó órgano ou unidade administrativa do Ministerio de Fomento que se encontre instruíndo a desafectación dos terreos ó obxecto de facilitar e xustificar o interese público da actuación e a posterior cesión dos terreos sen prexuízo de que tamén emita informe sobre aqueles aspectos que poidan afectar ós seus intereses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

18.(1173)- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DE SETEMBRO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da interventora xeral, do 2.08.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-los gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan para a súa inclusión na nómina do mes de setembro:

SERVICIO	CLASIFICACION FUNCIONAL	IMPORTE
1210	Conserxeria	1.972,00
1216	Patrimonio e contratación	97,24
3130	Benestar Social	31,45
3220	Desenvolvemento L. Emprego	32,30
4430	Cemiterios	123,42
4513	Museo Q. de León	47,26
5110	Vías e Obras	5.474,79
TOTAL		7.778,46

19.(1174)- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTO.

Examinados os xustificantes de libramentos remitida por Intervención Xeral a Xunta de Goberno, por unanimidade, aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0427551	415,00	486,22		71,22
BALLESTA DE DIEGO JOSE	0414045	350,00	350,01		
BERNARDEZ GIL SELA	0403846	6.000,00	5.995,01	4,99	
CANDEIRA RODRIGUEZ SUSANA	0429273	18,33	18,33		
“	0429274	67,32	67,32		
COSTAS FERNANDEZ BASILIO	0402468	180,30	66,71	113,59	
CREMADES PAZ PAULA	0429272	13,82	13,82		
“	0429269	67,32	67,32		
CRESPO CASAL ALVARO	0422711	420,00	450,00		
“	0422712	438,00	421,95		

“	0422713	363,91	345,90	4,,06	
EGEA TORRON MARIA PILAR	0427850	95,56	95,56		
“	0427851	513,62	474,28	39,34	
ESPADA RE CAREY LUIS	0416386	600,00	470,17	129,83	
“	0416388	1.500,00	1.420,03	79,97	
“	0427525	12.000,00	11.000,00	1.000,00	
FERNANDEZ BESADA Mª DOLORES	0414780	104,00	34,00	104,00	
“	0414781	128,36	147,94		19,58
“	0414779	200,00	200,00		
FERNANDEZ CARPINTERO EZEQUIEL	0421790	207,12	85,12	120,00	
“	0421791	113,89	113,89		
“	0421789	1.158,84	1.158,84		
FERNANDEZ RIOBO JESUS MIGUEL	0413821	600,00	600,00		
GOMEZ GARCIA MARIA CRISTINA	0427298	1.000,00	70,60	929,40	
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
GONZALEZ ALONSO MARIA DOLORE	0429280	67,32	67,32		
“	0429278	18,33	18,33		
LOPEZ CUESTA ISAABEL	0416959	25.000,00	24.771,91	288,09	
LOPEZ MOURE JESUS	0434515	113.680,00	113.680,00		
“	0430016	6.140,00	6.140,00		
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	0416120	200,00	138,65	61,35	
MEDIERO RODRIGUEZ BELEN	0412575	1.500,00	1.314,16	185,84	
OJEA PEREZ RAFAEL	0416123	271,45	271,45		
“	0415030	4.840,47	3.813,65	1.027,82	1,00
OTERO LAMAS FRANCISCO	0413282	573,00	572,40	0,60	
RAMOS COVELO ALFONSO	0432787	677,59	579,73	97,86	
RIESGO BOLUDA JOSE	0426734	140,60	146,55		5,95
ROCHA PARAMES CESAREO	0425713	300,00	306,22		6,22
RODRIGUEZ REY ALBERTO	0414121	3.000,00	1.721,30	1.278,70	
SANLUIS COSTAS AVELINO	0435809	416.092,00	416.092,00		
“	0434140	66.000,00	66.000,00		
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0432098	27.195,00	23.244,50	3.950,50	
SOTO SIO MONSERRAT	0429276	67,32	67,32		
“	0429277	18,33	18,33		
THOMAS BERBEN MARIA JOSE	0425716	1.200,00	1.185,40	14,60	
VAQUEIRO HERBELLO MARIA TERES	0414049	450,76	214,77	235,99	
TOTAL			684.517,01		

TOTAL XUSTIFICADO.....684.517,01

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

21.(1175)- GRATIFICACIÓN AO PERSOAL MUNICIPAL POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS. EXPTE. 15203/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 1.09.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 1.09.04, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de MARZO E XULLO DE 2004, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 647'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Iván Abalde Casanova e rematan por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por un total de 7.799'75 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Francisco Javier Agulla Amorin e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 852'25 horas.
- Conserxería, relación que se achega no expediente de don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 50'50 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Eugenio Matilde Viñas e remata por don Ricardo Lobato Cameselle, por un total de 167'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 148'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comezan por don Ricardo González Arzua e rematan por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 96'00 horas.
- Relacións Públicas, relacións que se achegan no expediente e que comezan por dona Loreto Romero Gil Delgado e rematan por don Jesús Castro Naveiras, por un total de 20'60 horas.

- O montante do presente expediente ascende a un total de 68.050,46 €.

22.(1176)- EXECUCIÓN DA SENTENZA DISPONIBILIDADE HORARIA A FAVOR DOS AXENTES DO CORPO DA POLICÍA LOCAL QUE OBSTENTAN A CONDICIÓ DE LIBERADOS SINDICAIS. EXPTE. 15243/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 27.08.04, que di o seguinte:

En estricta execución das sentencias do xulgado do social Nº. 1 de Vigo de 27 de agosto de 2004 (Procedementos de protección de dereitos fundamentais 1/04 e 2/04), polas que se recoñece aos funcionarios do corpo da policía local que obstentan a condición de liberados sindicais o dereito a percibir en concepto de produtividade as xornadas de reforzo por disponibilidae horaria, sométese a consideración da Xunta de goberno a proposta que a continuación se transcribe.

Considerando os fundamentos xurídicos das referidas sentencias, abundados por certa doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo, e ao obxecto de evitar posibles condenas en costas e custos indemnizatorios, considerase oportuno insta-la non impugnación das resolucións xudiciais recaídas.

PROPOSTA :

“ Primeiro : Aboar aos funcionarios municipais Sres. D. Antonio Juste Iglesias, D. Juan Costas Aran, D. Severino Domínguez Costas e D. Antonio Villar Covelo o importe de 1.008 eros a cada un polas xornadas de disponibilidae referidas ao exercicio de 2003, e 1.028,16 euros, tamén a cada un deles, polas xornadas de disponibilidae horaria referidas ao primeiro semestre de 2004, importes que serán aboados con cargo á partida de productividades .

Segundo : Acordar a non interposición de recurso de apelación contra ditas resolucións xudiciais”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

23.(1177)- APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS DE HUMANIZACIÓN DAS RÚA GIL (ENTRE MANUEL NÚÑEZ E MAGALLANES) E MANUEL NÚÑEZ (ENTRE Mª BERDIALES E URZÁIZ). EXPTE. 10960/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta, do 3.09.04, asinado polo Enxeñeiro Industrial Municipal, D. Alvaro Crespo Casal e do Enxeñeiro de Camiños, D. Emilio García Rodríguez,,a Xunta de Goberno acorda a:

“Aprobación técnica do Proxecto de humanización da rúa Gil (entre Manuel Núñez e Magallanes)”.

24 (1178).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta e cintos minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez